



En Boiro, sendo as 10:00 horas do día 21 de setembro de 2020, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Calendario escolar. Determinar as datas das sesións de avaliación e os días non lectivos para propoñer ao claustro.
 3. Programacións 20-21.
 4. Rogos e preguntas.
-
1. Procédese aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 8 de xuño de 2020 (que estaba a disposición dos asistentes na Web do Centro). Queda Aprobada.
 2. Procédese a presentación do calendario escolar.
 - a. A directora María Ana Domínguez Pérez comenta a proposta de días non lectivos que pode escoller o centro. Seguindo instrucións de inspección tratouse que tódolos centros da localidade escollese os mesmos. Os máis votados por parte de tódolos centros foron o 2 de novembro do 2020 e o 18 de marzo de 2021. Trala presentación quedan aprobados estes días como non lectivos.
 - b. O Xefe de Estudos Jorge Rodríguez Martínez, presenta os restantes detalles do calendario escolar (datas de avaliación e entrega de exames, períodos de recuperación, vacacións e demais pormenores). Queda aprobado na súa totalidade agás a data exacta da 2ª avaliación dos segundos cursos de ciclos, que queda pendente da valoración por parte do departamento de Administrativo, único afectado para este curso.
 3. Pásase ó seguinte punto da orde do día, "Programacións 20-21", O Xefe de estudos explica en que consiste o concepto de semipresencialidade rotatoria aplicable ás materias que teñan problemas de espazo por mor das medidas da COVID-19. Explica que por exemplo nunha semana a metade dos alumnos estarían na clase e a outra metade traballarían dende a casa. Mostra interese por esta opción Pablo Benito Rivas Cao, pola problemática dos talleres de electrónica.

Ademais o xefe de estudos explica a resposta da inspectora á pregunta de en que consistía o concepto de semipresencialidade recollido nas instrucións para o desenvolvemento do curso de ESO e Bacharelato. Sinala que a inspectora establece dous escenarios, un que é que parte da clase reciba a docencia dende a casa e outra que consiste en que un determinado grupo reciba temporalmente as clases dende a casa.

Pablo Benito Rivas Cao, sinala que non comprende a diferenza entre semipresencialidade e non presencialidade. Ábrese un pequeno debate concluíndo que enténdese que un escenario de non presencialidade absoluto consiste nun confinamento a longo prazo sen volta prevista ás aulas.

María Margarita Fernández Gómez pregunta se debido ó adiamento do comezo das clases e polo tanto o adiamento da avaliación inicial, vaise adiar tamén a data linde de entrega das programacións. O Xefe de estudos sinala que a nova data será o 09/10/2020.

4. A directora abre a quenda de rogos e preguntas:

- a. Ana María Sequedo Castro solicita que se os profesores queren actualizar o plan de lectura da biblioteca o comuniquen antes do día 1 de outubro.
- b. Beatriz Hernández Mato pregunta si se vai necesitar algunha documentación adicional ou realizar un informe específico para a avaliación inicial. A directora sinala que o orientador Antón Castro Castro comentará como é habitual os informes, principalmente dos alumnos que proceden doutros centros e que comezan a ESO este ano, por ser os descoñecidos para todos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 10:40 horas.

A DIRECTORA O SECRETARIO

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez Asdo.: Jorge Rodríguez Martínez

Ausentes:

- Pimentel González, Manuel
- Carou Rey, Jose
- Ferreirós Blanco, María Teresa
- Chouza Blanco, Carlos Javier
- García Couto, Raquel

